



INSTITUTO GALEGO DE
ESTADÍSTICA

INFORME SOBRE O ÍNDICE DE PRODUCCIÓN INDUSTRIAL

Xullo 2019


Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

Índice de producción industrial (IPI). Xullo 2019

- O Índice de producción industrial (IPI) rexistrou en xullo de 2019 un retroceso do 0,1% con respecto a xullo de 2018, mentres que a nivel nacional rexistrouse un crecemento do 2,9%.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo creceron un 10,5%, os bens de equipo avanzaron un 15,8% e os bens intermedios aumentaron un 2,1%. Pola contra, a enerxía retrocedeu un 32,0%.
- Por ramas de actividade a achega negativa mais destacable corresponde á “producción de enerxía eléctrica”, que restou 7,2 puntos á taxa interanual.
- Polo contrario, entre as que mostran maiores achegas positivas destaca: a “fabricación de produtos metálicos” que achega 5,1 puntos e a “industria da alimentación” que achega 1,2 puntos á taxa interanual do índice xeral.

Índice de producción industrial (IPI). Xullo 2019



1. Índice xeral e por destino económico dos bens

O Índice de produción industrial (IPI) do mes de xullo de 2019 en Galicia rexistrou un retroceso do 0,1% en taxa interanual, mellorando en 7,1 puntos a taxa rexistrada no mes precedente (-7,2%). En España rexistrouse un avance do 2,9%, mellorando en 4,9 puntos a taxa acadada no mes anterior (-1,9%).

Por destino económico dos bens, a influencia dos distintos sectores na variación interanual do índice xeral é a seguinte:

- Os **bens de consumo** presentan un crecemento do 10,5%, o que achega 2,6 puntos á taxa interanual
- Os **bens de equipo** rexistran unha taxa do 15,8%, o que suma 4,0 puntos á taxa interanual.
- Os **bens intermedios** suben un 2,1%, cunha repercusión positiva de 0,6 puntos.
- Por último, a **enerxía**, que retrocede un 32,0% restando 7,3 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Comparando cos crecementos interanuais de xuño de 2019, por destino económico, os bens de consumo melloran 2,5 puntos, os bens de equipo suben 18,1 puntos, os bens intermedios melloran 9,7 puntos e a enerxía empeora 1,7 puntos.

Estes datos móstranse no cadro 1 do anexo.

2. Índices por ramas de actividade

Se utilizamos a clasificación nacional de actividades económicas (CNAE 09) a nivel de división para facer unha análise máis detallada do comportamento das distintas ramas de actividade obtemos os resultados que se mostran no cadro 2 do anexo. As ramas de actividade están ordenadas segundo a repercusión que teñen no crecemento interanual do índice xeral.

A rama máis destacable que presenta a maior achega negativa á taxa interanual de xullo foi a “produción de enerxía eléctrica”, que restou 7,2 puntos, a “fabricación doutro material de transporte” que resta 0,6 puntos e a “reparación e instalación de maquinaria e equipamento” xunto coa “fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.” que minoran 0,5 puntos cada unha delas á taxa interanual.


No que respecta ás repercusións positivas destacan: “fabricación de produtos metálicos” que achega 5,1 puntos e a “industria da alimentación” que achega 1,2 puntos e “outras industrias extractivas” xunto coa “fabricación de bebidas” que engaden 0,8 puntos cada unha delas á taxa interanual do índice xeral.

3. Índices por comunidades autónomas

Por Comunidades Autónomas o crecemento interanual do IPI neste mes de xullo moveuse entre o -7,2% de Baleares e o 25,6% de Murcia. Ademais da devandita, presentan crecementos interanuais superiores á media estatal: Navarra (18,8%), Castilla - La Mancha (9,1%), Aragón (7,0%), La Rioja (6,5%), Comunidad Valenciana (5,9%) e Madrid (3,9%).


IPI xullo 2019

Taxas de variación en %



4. Evolución do índice

No seguinte gráfico mostramos a evolución das taxas de crecemento interanuais do índice xeral para Galicia e para España en termos de ciclo - tendencia que se obtén estimando un modelo ARIMA para cada unha das series, e obtendo o sinal de ciclo - tendencia utilizando a descomposición baseada en modelos que resulta do programa TRAMO-SEATS do Banco de España.



Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a máis de 11.500 establecementos en España e 1.600 en Galicia.

Anexo cadros

Cadro 1.- Índice de produción industrial. Xullo 2019

	ÍNDICE	VARIACIÓNS (%)		REPERCUSIÓNS (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO	INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
Galicia					
Xeral	112,8	-0,1	-6,2	--	--
Bens de consumo	134,3	10,5	4,9	2,6	1,1
Bens de equipo	127,4	15,8	1,1	4,0	0,3
Bens intermedios	127,0	2,1	-6,5	0,6	-1,9
Enerxía	66,3	-32,0	-23,0	-7,3	-5,7
España					
Xeral	114,1	2,9	0,4	--	--
Bens de consumo	110,8	5,0	1,7	1,2	0,4
Bens de equipo	120,8	0,2	1,6	0,1	0,4
Bens intermedios	114,7	0,0	-0,9	0,0	-0,3
Enerxía	110,3	8,3	-0,5	1,7	-0,1

Fonte: INE

Cadro 2.- IPI por ramas de actividade. Galicia. Xullo 2019

Ramas	VARIACIÓNS (%)				Ponderacións
	Interanual	Repercusión	No que vai de ano	Repercusión	
Total	-0,1		-6,2		
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e industria da alimentación	57,2	5,1	15,3	1,3	7,7
Outras industrias extractivas	112,9	0,8	31,9	0,2	1,1
Fabricación de bebidas	16,2	0,8	11,5	0,4	3,5
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	4,4	0,5	-0,4	0,0	13,1
Fabricación de mobles	28,6	0,3	-5,9	-0,1	1,1
Industria do papel	7,4	0,2	-0,3	0,0	2,2
Confección de roupa de vestir	2,2	0,1	2,4	0,1	4,1
Industria téxtil	11,4	0,1	6,8	0,0	0,6
Outras industrias manufactureiras	7,1	0,0	2,6	0,0	0,5
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	1,2	0,0	-10,3	-0,3	2,5
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	-1,2	-0,1	-17,8	-1,0	5,1
Industria química	-3,6	-0,1	-7,5	-0,1	1,5
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-1,7	-0,1	-3,2	-0,1	3,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	-10,1	-0,2	-16,2	-0,3	1,4
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-10,8	-0,3	-11,5	-0,3	2,6
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-15,1	-0,5	-11,6	-0,3	2,0
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-15,5	-0,5	-15,3	-0,6	4,1
Fabricación doutro material de transporte	-27,1	-0,6	-12,0	-0,3	2,0
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	-41,3	-7,2	-27,8	-5,5	22,3
Coquerías e refinación de petróleo	*	*	*	*	*
Industria do coiro e do calzado	*	*	*	*	*
Captación, depuración e distribución de auga	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos farmacéuticos	*	*	*	*	*
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	*	*	*	*	*
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	*	*	*	*	*
Industria do tabaco	-	-	-	-	-

Fonte: INE

(*) Poucas observacións mostrais, polo que o dato está afectado por un alto erro de mostraxe.

Cadro 3.- IPI por Comunidades Autónomas. Xullo 2019

CCAA	ÍNDICE	VARIACIÓN (%)	
		INTERANUAL	NO QUE VAI DE ANO
España	114,1	2,9	0,4
Galicia	112,8	-0,1	-6,2
Andalucía	110,3	1,7	1,8
Aragón	116,6	7,0	1,8
Asturias	104,4	-2,2	-0,9
Baleares (Illes)	107,8	-7,2	-6,5
Canarias	101,4	-4,1	-2,8
Cantabria	112,8	-0,6	-0,5
Castilla - La Mancha	114,4	9,1	3,2
Castilla y León	99,6	-5,1	-2,3
Cataluña	115,5	0,0	-1,4
Comunitat Valenciana	118,8	5,9	1,6
Extremadura	106,8	-1,1	-1,7
Madrid	117,4	3,9	3,4
Murcia	139,0	25,6	9,3
Navarra	112,8	18,8	3,8
País Vasco	113,7	1,5	0,6
Rioja (La)	100,9	6,5	-1,6

Fonte: INE